



Concello de Ribeira de Piquín

DECRETO DA ALCALDÍA

En Ribeira de Piquín, a 28 de agosto de 2024.

Asunto: Lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a contratación dun/ha oficial de 1ª condutor e dun/ha albanel, "Reforzo do Emprego 2024 da Excma. Deputación Provincial de Lugo".

DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).

De conformidade co expediente de provisión dun oficial de 1ª condutor e dun albanel, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de seis (6) meses, a través do programa "Reforzo do Emprego 2024 da Excma. Deputación Provincial de Lugo", do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos, mediante concurso-oposición regulado nas Bases aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 2024-0243, de data 13 de agosto de 2024.

Visto que con data 19 de agosto de 2024 se publicou anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 0191, comezando a contar o prazo de presentación de instancias a partir do día seguinte da dita publicación.

Visto que con data 22 de agosto de 2024 se publicou unha corrección de erros en relación ao anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 0194, volvendo a comezar a contar o prazo de presentación de instancias a partir do día seguinte da dita publicación.

Analizadas as solicitudes presentadas e tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos do devandito proceso selectivo, cos/ás seguintes aspirantes:

- OFICIAL DE 1ª CONDUTOR

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN DO IDIOMA GALEGO
VILARÍN DÍAZ, ANTONIO	***4104**	Sí

- ALBANEL

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN DO IDIOMA GALEGO
CAMPO DÍAZ, ABEL	***5292**	Sí





Concello de Ribeira de Piquín

LISTA DE EXCLUÍDOS:

- OFICIAL DE 1ª CONDUTOR

Ninguén.

- ALBANEL

Ninguén.

SEGUNDO.- Proceder a nomear os seguintes empregados/as públicos como membros do Tribunal de selección de persoal:

Presidenta: Dna. Andrea Pasarín Marey, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Vogais:

Dna. María del Carmen Carricajo Alavés, Traballadora Social do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

D. Juan Hernando Rosa Ruíz, Secretario-Interventor acumulado do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Dna. Sandra Teijeira López, Administradora do Obradoiro de Emprego O Castro IX do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Secretario: Dna. Pilar Tella Mazoy, Administrativa do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Igualmente, proceder a convocar ao citado Tribunal para o xoves 29 de agosto de 2024, ás 08:30 horas, no salón de plenos da casa consistorial de Ribeira de Piquín, aos efectos da realización da fase de concurso.

TERCEIRO.- Convocar aos aspirantes admitidos para a realización do primeiro exercicio, de carácter teórico, ás 09:00 horas do día 29 de agosto de 2024 na casa consistorial do Concello de Ribeira de Piquín. Unha vez concluído este e puntuado polo Tribunal, procederáse seguidamente á realización do segundo exercicio, de carácter práctico.

CUARTO.- Dar conta da presente resolución ao Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico, en Ribeira de Piquín a 28 de agosto de 2024.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

